

DOUS FITOS CULTURAIS NA NOSA VILA

Ramón Fraga García

Recollo nestas páxinas, en primeiro termo, o texto publicado xa en 2007 no fermoso libro conmemorativo do XXV aniversario da Coral Polifónica de Melide, publicado pola Deputación da Coruña. Refírome a *Sonata de lembranzas* (páx. 41...), no que se dan algúns datos de interese sobre a orixe do noso Himno.

Uns anos despois, honrados e invitados pola Directiva da Coral a través de Inmaculada Castro Saavedra, participamos Fernando Vázquez Arias e mais eu na celebración, con certo atraso, do XXV aniversario da súa estrea. Foi nun acto solemne na sala de concertos do Conservatorio de Melide, coa participación da Banda de Visantoña e a Coral Polifónica de Melide da man do seu director, xa daquela, Velery Moriatov. Isto ocorreu no mes de Nadal de 2018, dentro da XXIX Semana da Música. Resultou unha posta en escena moi afortunada artisticamente e chea de reencontros e emotividade.

Non é un antollo persoal nin unha arroutada de inmodestia a reprodución agora da *Sonata de lembranzas*. Ten sentido por varias razóns. O paso do tempo agocha no caixón do esquecemento as cousas. E nesa *Sonata* revívense algúns datos esenciais sobre a orixe do Himno da vila que poden ter interese para quen non os coñeza. Algunha experiencia en contacto cos alumnos do Colexio Pastor Barral, non hai moitos anos, fíxonos constatar aos autores da letra e música do Himno que o seu espallamento entre as novas xeracións require o compromiso, que nese centro comprobamos, de mestres, responsables políticos e das xentes de Melide en xeral.

O Himno é de todos e, se o sentimos como noso, debemos coñecer a súa orixe, aprendelo, cantalo e levalo como un símbolo máis de Melide. Debe ser, como di a letra, un elemento de unión, un elo, un vencello que nos una ao pasado e nos proxecte cara ao futuro. Os melidaos ou melidenses e as melidás imos facendo a nosa marcha vital compartindo experiencias, paisaxes, vivencias e emocións. Como o fixeron os nosos devanceiros, como o farán os que se sintan melidaos no porvir. Todos formamos unha longa comunidade unida non só polo nome de Melide. Acompañándoo van esas convivencias, experiencias compartidas e sentimentos de

amizade, de irmandade, de pertenza a un berce común, a un pobo co que nos identificamos e que debemos respectar, mellorar e honrar.

Quixera que esta reprodución de *Sonata* sirva para honra de Melide coa lembranza e o aplauso ao inxente labor dos seus músicos. Melide é terra que hoxe conta cun conservatorio, pero houbo e hai bandas, gaiteiros, grupos de danza, *rondallas*, orquestra sinfónica, inspirados concertistas e directores e intérpretes varios de música lixeira, folclórica e clásica. Este texto naceu especialmente para a Coral Polifónica, tan importante na vida cultural da vila, e quero honrar, coa reedición, os integrantes e colaboradores das xuntas directivas e da propia Coral que tanto fixeron por ela e, singularmente, os membros que xa non están fisicamente connosco, aínda que viven no noso recordo e nos nosos corazóns. Só este motivo xa abundaría e xustificaría a reedición do texto no *Boletín* do Museo.

SONATA DE LEMBRANZAS

I. Movemento (Adagio maestoso)

Tarde de sol, probablemente dun incipiente verán a finais dos oitenta. Natureza esplendorosa e mimada: mirtos, buxos, flores diversas mesturadas coa nobreza soberbia do arboredo, coa rexa arquitectura de cantaría, coa filigrana dos meandros da ría brigantina no Pazo de Mariñán.

Nun dos seus salóns, reunión festiva baixo a mecenado do daquela deputado Javier Rodríguez Pampín. A festa é o remate dun concerto de piano de Fernando Vázquez Arias, intérprete brillante e compositor inspirado de boa parte do programa. Despois dos saúdos, recoñecementos e parabéns, no medio da conversa xurdiu o comentario ilusionado, solermiño, en aparencia intranscendente pero dunha lóxica irremeitable, de Javier: “Temos un músico e un licenciado en Letras. Se un escribe a letra e o outro lle pon música, faremos que Melide teña un himno”. Así foi como unha nobre ilusión, unha idea feliz se transformou en ferrete, reto e compromiso ao abeiro do vello Mariñán.

II. Movemento (Andante, ma non presto)

... Foron vindo as ideas. Recordo que mandei a Melide dous textos para unha escolla democrática entre amigos e parentes interesados no proxecto. Cando xa estaba o texto case todo musicado, fíxose un engadido requirido pola música e de grande efecto emotivo e sonoro: o refrán ou *estribillo*. O resto púxoo a inspiración, a forza musical, a agudeza e sensibilidade de Fernando para sintonizar letra e música. Pero é de xustiza salientar neste bo amigo outras virtudes: a súa enorme capacidade de traballo, a súa arte de convicción cando cre nun proxecto e a de xuntar vontades para poñelo en marcha. Moitos dos que tivemos a sorte de vivir en directo a histórica e máxica noite do 17 ao 18 de agosto (día de Santa Elena) do ano **1991** na Praza do Convento de Melide, gardamos viva memoria daquel milagre musical, froito do seu esforzo sen límites e da contida emoción que se respiraba no ambiente.

Grazas á impagable xenerosidade doutro melidao amigo, Ricardo Sarandeses, gardo como un tesouro unha copia do vídeo que gravou aquela noite. Recóllense nel testemuñas do xentío que ateigaba a praza e as rúas lindeiras, a mestría dos intérpretes na festa musical, o relevo dado ao acto polas autoridades municipais, o entusiasmo popular e a afervoadada acollida que se lle tributou á *Cantiga* ou *Himno de Melide*, “cada un que lle chame como queira”, tal como explicou Fernando antes da súa repetición solicitada polo aplauso popular (pouco tempo despois pasaría a ter carácter oficial de **Himno de Melide** por decisión da Corporación municipal). Nese mesmo acto, sobre o escenario e diante dos presentes, Fernando comprometeuse e comprometeume para elaborar conxuntamente outro proxecto.

III. Movemento (Scherzo)

Así foron nacendo amodiño, un tras outro, dez textos da **Cantata Melidá**. Neles aparece explicado o sentido global da Cantata (canto de unión, de integración, de amor e de loanza dos valores das xentes da nosa terra) e reflectidos algúns dos lugares emblemáticos da nosa ampla bisbarra. A estrea foi dobre, como dobre e vibrante é o peche da obra co *Cristo da Capela* e con *Melide* (cantos 8 e 10), se un escoita con siso a música espectacular nos dous casos.

Compostela, máis en concreto, a Capela Real do Hostal dos Reis Católicos, o día 17 de xullo de **1999**, e o auditorio da Casa da Cultura de Melide, o 15 de agosto, como limiar das festas, foron os marcos da dobre estrea e do éxito con que a obra foi acollida nos dous lugares.

IV. Movemento (Allegro e Finale)

Esta breve crónica, en forma de sonata, non debe rematar sen nomear sequera a cantos contribuíron a que estes fitos da vida musical de Melide chegasen a bo porto. Cómpre subliñar a contribución decisiva das xentes do Concello, con Miguel Pampín á fronte; a de Margarita Guerra e os seus coros de Pontevedra e Vilagarcía; os integrantes da Banda e alumnos do Conservatorio de Lalín, os solistas da Cantata: Teresa Novoa, Francisco Heredia e Fernando Balboa, e os membros da Orquestra Sinfónica de Melide, dirixidos maxistralmente sempre por Fernando Vázquez Arias. Nestas datas resulta de xustiza e un pracer facer mención especial dun dos piares da vida musical da nosa vila: a Coral Polifónica de Melide. Seguen vivos na miña memoria don Andrés Sampayo e outras persoas benqueridas que non cito.

Para eles e para os que mantedes en pé esta nobre institución, o meu agradecemento persoal e os meus parabéns máis sentidos. Eu, que cantei ocasionalmente invitado por vós, os meus amigos, parentes e compañeiros de sempre, non podo menos que sentirme orgulloso da vosa destacada e emocionante participación na estrea do *Himno de Melide*, de que cumprades 25 anos de meritorio labor e éxito, e de que sigades sendo semente.

HIMNO DE MELIDE

Cantemos todos xuntos, cos nosos devanceiros
e coas futuras razas que tras de nós virán,
un canto que a Melide por sempre glorifique
e nos manteña unidos no espírito a este chan.

Aprendamos o canto do río de Furelos,
da trasfega das xentes que van gañar o pan,
do rebumbio das feiras, do vento do Bocelo,
da paz dos peregrinos que a Compostela van.

**Melide, Melide, terra dos nosos pais,
por sempre o teu nome os teus fillos cantarán.** (bis)

E se nos acompañan, dende o alto do Castelo
a nosa Virxe do Carme, San Roque e mais San Pedro,
oh Terra de Melide, a túa eterna memoria
cantaremos por sempre neste mundo e na gloria.

Cantemos todos xuntos, cos nosos devanceiros
e coas futuras razas que tras de nós virán,
un canto que a Melide por sempre glorifique
e nos manteña unidos no espírito a este chan.


**Melide, Melide, terra dos nosos pais,
por sempre o teu nome os teus fillos cantarán.** (bis)

* * * * *

PARA PODERMOS ESCOITAR O HIMNO:

- a) Seleccionamos no móbil a icona de Google*
- b) Escribimos en Buscar: Himno de Melide*
- c) Prememos a frecha*

A CANTATA MELIDÁ



Esta segunda parte do traballo centrarase na *Cantata Melidá*. Explicamos máis arriba como se foi xestando e onde tivo lugar a súa estrea e a repetición do concerto para a xente de Melide. Todo iso nos meses de xullo (día 17) en Santiago de Compostela e, na nosa vila, o 15 de agosto de 1999. Se reparamos ben nas datas da estrea e do ano no que andamos, chegaremos á conclusión de que estamos a vivir o XXV aniversario desta obra. Non podiamos deixar pasar o acontecemento alleos a el. Velaí o motivo polo que xuntamos os dous fitos culturais e musicais: o Himno e a Cantata Melidá.

É moi probable que moitos melidaos de hoxe, sobre todo a xente nova, descoñeza a existencia desta ambiciosa composición da que todos nos debemos sentir orgullosos. Pois como proxecto cumprido resulta -eu diría- un milagre, unha obra que “seguramente” supera “as expectativas creadas ao redor dunha vila, pequena e grande a un tempo, como Melide”. Isto último escribíao Miguel Pampín, daquela alcalde do noso concello e destacado impulsor do proxecto, no Saúda do programa da estrea da obra. Permítaseme unha breve interrupción e a volta ao xogo proposto tras a letra do HIMNO.

PARA PODERMOS ESCOITAR A CANTATA MELIDÁ:

- a) Seleccionamos no móbil a icona de Google*
- b) Escribimos en Buscar: Cantata Melidá*
- c) Prememos a frecha (da obra enteira ou dunha parte)*

Do mesmo programa de man recollo agora algúns datos de interese que sirvan de anticipo e introdución explicativa aos textos de cada unha das partes. A información do programa vai dirixida aos que non saben onde se sitúa Melide e a razón que xustifica unha obra como a

Cantata, escrita para tres solistas (soprano, tenor e barítono) con coro e orquestra. As melodías e os melidaos temos o sentimento persoal e a experiencia do que significan para nós a nosa terra, a Virxe do Carme, o Bocelo ou o Cristo da Capela e non precisaríamos tantas informacións. Pero tampouco incomodan.

Textos e música tentan facer unha exaltación e gabanza dunha das bisbarras máis representativas do corazón de Galicia e do vello Camiño francés que leva a Compostela. De aí as diversas referencias xacobeas dos textos, aínda que o centro deles é a Terra de Melide, as paisaxes, os costumes, os santuarios, os montes, os ríos e, sobre todo, as xentes, o pobo que habita esa terra e que protagoniza o latexo da vida de cada día.

Esta obra responde ao sentimento da terra e a unha estética nacionalista. Tanto o compositor como o autor dos textos queren expresar algo do carácter e da sensibilidade da Galicia interior, que é o mesmo que dicir que tentan cantar a Galicia eterna e total a través dunha parte dela.

A temática de cada texto procurou mesturar referencias a lugares, paisaxes ou profesións que abranguen, dentro da realidade da contorna, aspectos comúns e puntos peculiares e destacados (Bocelo, Furelos, os artesáns e feirantes, o labor cultural dos membros do Seminario de Estudos Galegos en tempos da República, San Antoín de Toques, Pambre). A inclusión de Pambre débese ao sentimento de localidade destacada e próxima aos melidaos á marxe de fronteiras administrativas. Tamén ao deveso de combinar o mundo medieval e moderno, a historia de tempos pasados e as actividades comerciais actuais, a relixiosidade e a arte románica coa arquitectura civil e as loitas de clases do medievo.

En canto aos textos, eu, que non son poeta, decidín chamarlles textos. Busquei que fosen, sobre todo, comprensibles. A poesía de hoxe adoce con frecuencia dun hermetismo e requintamento, ás veces noxento, que a fai artificiosa, rebuscada e incomprensible para a maioría dos lectores. Non faltan aquí certos textos con rimas e recursos poéticos, pero tampouco constituíron a maior preocupación do seu autor. Si que se poden ver algunhas metáforas ou símbolos de raizame vella (o *camiño* como vida, o *río* como elemento vivificador, espello da teimosía dos paisanos na súa loita cotiá, como a vida e o seu fuxir sen retorno; tamén o *castelo* como símbolo do poder que preme os humildes, a *murcha flor* como a vida que remata, o *monte* e o *vento* como ámbitos de liberdade e vixías perennes da vida dos homes, a *noite* como expresión do descoñecemento e a ignorancia doutros tempos, as *estrelas* e os *paxaros* como imaxes de sentimentos e emocións alegres, etc.).

O folleto ou programa de man de 1999 recollía unhas referencias biográficas dos autores de música e textos, da soprano Teresa Novoa, do tenor Francisco Heredia, de Fernando Balboa o barítono, de Margarita Guerra, a directora dos coros, e o historial da Orquestra Sinfónica do Conservatorio de Melide, así como o da Coral Polifónica Liceo Marítimo de Vilagarcía, que puxeron en pé as dúas interpretacións inesquecibles para os que as vivimos en directo.

Aínda que calquera melidense comprende, sen necesidade de explicacións, de que se fala en cada parte, non parece desaconsellado recoller dese programa de man as breves glosas aos textos da Cantata.

- I. A obra comeza con **Introito**. É unha invitación a unirse no canto de exaltación da terra e das xentes de Melide e da Galicia interior. De aí as referencias concretas aos distintos concellos que forman parte da contorna nun sentido amplo. Cantata e Himno fan de Melide o punto central e nas dúas obras a unidade é idea común.
- II. **Furelos** describe o que o río é: símbolo de traballo, de constancia, de teimosía, dun eterno renovarse, espello da vida das nosas xentes e de eternidade no que Melide ten un exemplo de rexurdimento perenne.
- III. **Artesáns** é un canto de gabanza aos artífices da poesía silandeira e humilde do traballo de cada día (zoqueiros, panadeiros, comerciantes, industriais, labregos...).
- IV. **Priorada** recolle os sentimentos e as experiencias da realidade máxica da infancia (a natureza idílica e a relixiosidade), o paso efémero e fuxidío da vida e o desacougo polos paraísos perdidos e as incertezas que sobreveñen cos anos.
- V. **Nosa Señora do Carme** arrinca co texto dun canto popular e convértese en pregaria á Virxe que os melidenses invocamos como protectora da vila e da comarca.
- VI. **Bocelo** canta unha paisaxe familiar da nosa terra, símbolo de liberdade, eternidade e vixilante do traballo e dos esforzos dos nosos paisanos.
- VII. **Voces nos castros** é nunha visión un tanto onírica da homenaxe aos estudosos artífices do libro *Terra de Melide* (Otero Pedrayo, Risco, Fraguas... e, entre eles, os melidaos Antón Taboada Roca e Amador Rodríguez Martínez).
- VIII. **O Cristo da Capela**, xoia do Románico (s. XII), débúxase en forma que imita, coas repeticións e variacións, unha coita de amor divino das cantigas dos séculos XIII e seguintes.
- IX. **Pambre**, fermoso castelo medieval, simboliza o poder dos señores sobre as xentes humildes, que deu lugar ás loitas irmandiñas.
- X. O obra remata con **Melide**, descrito nalgunha das súas peculiaridades: cerna de Galicia, acougo, pousada e hospital de peregrinos, niño de amor no que revoan mil paxaros, ilusións, momentos de ledicia e festa, nome que os melidenses rezamos máis que dicimos, enchendo o aire de suxestións e lembranzas.

A *Cantata* forma parte da nosa obra cultural, a de todos. E debe ser máis coñecida, merece selo, xa non só pola valía maior ou menor que se poida ver nela, senón por ser o resultado dun esforzo colectivo inxente de moitos melidenses. Por riba de todos, é de xustiza salientar a impagable e titánica actividade de Fernando Vázquez Arias. Del xurdiu a idea inicial, pero foi a coordinador de todo a plan de traballo en combinación cos grupos corais que participaron, cos solistas seleccionados para os eventos, coa colaboración do Concello e doutras entidades, como o Conservatorio, a Xunta de Galicia, a casa discográfica que editou un CD e Radio Nacional, que gabou a obra e lle dedicou unha hora da súa programación. El puxo en pé toda a actividade musical, composición e orquestración das partituras, dirección dos ensaios conxuntos da orquestra, solistas e coros, e mil cousas máis. En fin, sen a súa capacidade de traballo, a súa ilusión contaxiosa, a súa vontade de conxuntar diferentes personalidades e intereses, e sen o

esfuerzo colectivo dunha chea de colaboracións, esta obra non existiría. A *Cantata* xorde, sen dúbida, como aparece de súpeto na revolta dun “camiño” un inesperado mosteiro ou, se cadra, unha pequena e sorprendente catedral musical erguida pedra a pedra, palabra a palabra, son a son, para honra de Melide, das Terras de Melide e da súa redonda. Por todo isto, a Cantata -para min- é un milagre que temos a obriga de coñecer.

Pero quero que estas liñas sirvan tamén como unha chamada amigable máis ao labor común no que debemos sentirnos comprometidos cantos desexamos e loitamos para que en todos os aspectos, especialmente no eido da cultura, a Terra de Melide siga medrando día a día. Isto require o concurso de todos os que poidan contribuír: persoas de ben, autoridades, institucións, organizacións e agrupacións musicais e de todas as clases. Así poderemos manter e agrandar ese “ronsel de estrelas” que sementaron outros antes.

E non esquezamos o texto da segunda famosa estampa de Castela no Álbum *Nós*. Di o seu pé: “Non lle poñades chatas á obra... O que pense que vai mal que traballe nela; hai sitio para todos”.

(ADDENDA: Vaia a miña gratitude máis fonda a Ana María Fraga Vaamonde, polas súas revisións, e a Xosé Manuel Yáñez Rodríguez polas fermosas ilustracións).

I. INTROITO

Cantade comigo, irmáns,
un canto novo,
un canto de amor á terra
e ó noso pobo;
e que nel sempre
vivamos todos,
desde os antergos
ata os máis novos.

Cantade comigo, irmáns,
un canto todos.

Que nel se canten as glorias,
os traballos e os esforzos,
as ledicias e tristuras,
as ilusións e degoiros
das xentes da nosa terra,
dos nosos vellos e mozos.

Cantade comigo, irmáns,
un canto todos.

Que desde o altivo Bocelo
ata o Ulla rumoroso,
desde Friol, Toques, Palas
a Arzúa, Santiso e Boimorto
se erga un canto que, en Melide,
nos una a todos,
un canto de amor á terra
e ó noso pobo.

Cantade comigo, irmáns,
un canto todos.

II. FURELOS

Espello de porfía renovada,
do eterno laborar da miña xente,
constante camiñante impenitente
que andas, teimudo, arreo a túa xornada

e, ó baixar do Bocelo ata a valgada,
todo ó teu paso deixas verdecente
e mudas co frescor da túa corrente
a miña terra en moza engalanada,

¡que non estiñen as túas augas nunca,
oh río de Furelos ben amado!
e, cando a murcha flor o vento corte,

que, acougando ó frescor da túa cunca,
vivamos no teu canto namorado
o eterno triunfo máis alá da morte.



III. ARTESÁNS

O canto e a palabra nunca foron
para apreixa-lo esforzo e o milagre
da vida feita amor e poesía
no cravo que se espeta ou que se arrinca,
na fariña, na masa que leveda,
na pel que se revira ou estalica.

Para a flor foi o canto e para a lúa,
para o brasón, a espada e a fazaña,
para a cruz, o milagre e mailos soños.

E a poesía está nas vosas obras,
zapateiros, tendeiros, panadeiros,
albaneis, carpinteiros e labregos
de Santiso, de Toques, de Melide,
no molete de pan, no queixo fresco,
no zoco, na xanela, no melindre,
está no suco aberto polo arado,
na madeira serrada, nas telleiras,
no ferro temperado polo lume,
nas bágoas dos que buscan noutras terras.

Para vós, os poetas do traballo,
é o meu canto de amor e de louvanza.

As vosas mans agroman POESÍA.

IV. PRIORADA

Resoa na lembranza
salmodia compasada
dos frades do convento
da vella Priorada.
Voces rexas, barís,
de fervor incendiadas,
convidan o espírito
á vida sosegada.
Mestúrase co canto,
na tarde soleada,
o recendo das peras,
dos pexegos, das claudias,
das cereixas, dos figos
e das mazás douradas.
O home e a natureza en comunión
ó Creador louvaban na lembranza.

Hoxe o meu corazón navega orfo
na soidade desta Priorada.

V. NOSA SEÑORA DO CARME

*“Nosa Señora do Carme
desde o alto do Castelo
de noite cobre a Melide
debaixo do seu mantelo”.*

Camiñante que vas a Compostela
escoita esta cantiga
dunha moza que, lonxe da súa terra,
ten nela a súa vida.

Cando crúce-la ponte de Furelos,
de acougado cantar,
cando véxa-lo cume do Bocelo,
que axexa o trasfegar
das xentes da Terra de Melide,
de nobre corazón,
acórdade de min e por min pide
cantando esta canción:

*“Nosa Señora do Carme
desde o alto do Castelo
de noite cobre a Melide
debaixo do seu mantelo”.*



VI. BOCELO

Carpazas, xesteiras, toxeiros e matos,
cabalos salvaxes, corvos e miñatos,
soberbios penedos, encostas, regatos
e o silencio inmenso dun grisallo ceo
dormen soño eterno no alto do Bocelo.

E mentres na extensa chaira
tece o pobo o seu cantar
e co duro trasfegar
da vida fai un nobelo,
dorme o tempo un soño eterno
no cume do meu Bocelo.

VII. VOCES NOS CASTROS


Navegan no mar do vento
carabelas de ouro e prata
que deixan ronseis de estrelas
nos escuros ceos da chaira.

Bourea os mariñeiros
de proa a popa: Taboada,
Amador, Cuevillas, Risco,
Camps, Oxea, Carro, Fraguas,
Torner, Bal e Cotarelo.
E tamén vai nesta armada
Ramón Otero Pedrayo,
mariñeiro de Trasalba.

Álzase un clamor nos castros
que o seu paso saudaba:
“¡Boa viaxe, mariñeiros
e tódalas súas compañías!”,
berraban no Castro Pedro,
Piñor, Vilouriz, na Graña,
tamén no castro de Mouros,
en Barazón, no de Brañas,
“¡Boa viaxe, mariñeiros,
e que Santiago vos valla!”.

Rachando o negror da noite
que a Melide asolagaba,
pasaron as carabelas
sobre os castros e as montañas
deixando un ronsel de estrelas...

Aínda escintilan na chaira.





VIII. O CRISTO DA CAPELA

Como unha pomba ferida
polo amor,
de San Antoín na ermida
acouga o Noso Señor.

Como vencida gacela
polo amor,
de San Antoín na ermida,
acouga o Noso Señor
Santo Cristo da Capela.

Acompáñame, ¡Ai!, amiga,
Acompáñame, ¡Ai!, doncela,
a ve-lo Noso Señor
Santo Cristo da Capela,
que ando cal pomba ferida
e cal vencida gacela
polo amor
do meu amado e señor
Santo Cristo da Capela.



IX. PAMBRE

Naciches no rochedo, soberbio e poderoso,
dominador do mundo humilde do arredor,
esgrevio para os cercos dun tempo belicoso
no que ó pobo premía a forza do señor.

Foron as túas torres coirazas de guerreiros
e as altivas ameas coroa de vencedor.
¿Onde van as túas gardas? ¿Onde os teus cabaleiros,
as fermosas doncelas, o teu vello esplendor?

Agora que esmoreces humilde e na pobreza,
vencido polos anos, mergullado na dor,
eu quero, co meu canto, louva-la túa nobreza
e a carón do meu pobo se-lo teu valedor.



X. MELIDE

Mil paxaros aniñan no teu nome,
Melide, rexa cerna de Galicia,
fogar aberto sempre
e acougo no camiño
para santos e reis
e humildes peregrinos
anónimos de tódalas europas,
que ven en ti, Melide,
hospital e pousada,
corazón da Galicia que traballa,
da vella Compostela
a anteporta soñada.

Cando os meus labios rezan o teu nome
ponse en pé toda a Terra de Melide:
Santiso, Moldes, Riocovo, Toques,
Vilamor, Leboreiro, Paradela,
en bandada de amor alzan o voo
Xubial, Pedrouzos, Zas de Rei, Cazallas,
e aniñan no meu peito mil paxaros
que se chaman Melide: terra, pobo,
berce, irmandade, pais. O mundo todo.

